

ODE 6: AXENTES SECRETOS

MATERIAL DESCARGABLE



Material elaborado nunha licenza por formación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia no curso 2023/24.

Autoría: Verónica Camiña García e Miguel Otero Bernárdez



MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ODE

PROXECTO: AXENTES SECRETOS

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Imos deseñar e montar chapas.

QUE TEÑO QUE TER? COMO O FAGO?

- ✓ Facede o voso deseño en papel ou no ordenador.
- ✓ Se o facedes en papel, fotografádeo.
- ✓ Entrade nunha páxina de deseño de chapas online (hai moitas e todas funcionan de xeito similar).
- ✓ Seguide as indicacións da páxina de deseño:
 - Escolle o tamaño.
 - Modifica o texto.
 - Cambia a cor de fondo.
 - Sube a túa imaxe ou incorpora iconas da galería.
 - Gárdao.
 - Imprime.
- ✓ Collede a máquina de chapas.
- ✓ Collede o molde co tamaño da vosa chapa para montalo na máquina.
- ✓ Cortade o voso deseño (podedes usar o cortador que vén coa máquina).
- ✓ Montade a chapa.

EMPEZAMOS

Esta actividade ten dúas partes, a do deseño da chapa seguindo un bocexo previo e a parte de montaxe coa maquina de chapas.

Debedes dividir o traballo dentro do equipo para facelo de xeito efectivo e no tempo proposto.


DESEÑO

Na fase de deseño debedes facer un primeiro bocexo en papel onde incorporedes as ideas que teñades. Podedes facer varios modelos e ir descartando.


É moi importante que teñades en conta o tamaño da chapa para axustarvos o máximo posible á mesma.

Se ides debuxar a imaxe para a vosa chapa, ao rematar debedes tirarlle unha fotografía. Podedes usar o voso propio equipo Edixgal para facelo.


1. En aplicativos seleccionade son e vídeo e, na nova fiestra emerxente, "guvcview".



2. Abrirase a cámara do ordenador. Asegúrate de ter o visor aberto para ver a imaxe. Tes dúas fiestras emerxentes, a imaxe e a configuración. Ten en conta que podes mover as fiestras emerxentes polo escritorio do teu ordenador.



3. Pon a túa imaxe diante da cámara e capture.
4. Vai a "Arquivos" e, dentro da carpeta "Imaxes", estará a túa imaxe.



Unha vez que teñas o teu deseño listo, temos que darlle a forma definitiva co programa de deseño de chapas dixital. Usaremos un programa dos que hai na rede. Escribide en google "*Editor de chapas*". Saen varias opcións. Escollede unha que siga o seguinte esquema que imos amosar. Moitos dos programas de edición funcionan igual, soamente cambia a interfaz de presentación.

O primeiro que vos van pedir é unha conta para rexistrarvos. Se tedes unha conta de aula usaremos esa para poder acceder. Se non tedes conta debedes pedir axuda ao voso mestre/a para buscar unha solución. Podedes crear unha conta para a aula que soamente se use para este tipo de cousas.

Despois de rexistrarse no programa, xa vos deixa acceder á zona de deseño.

Os pasos a seguir son:

- 1. Escolle o tamaño da chapa. Este é o paso máis importante.**

Tedes que facelo ao principio de todo, se non, logo non teredes opción e imprimirá as chapas no formato que teña predefinido. Para escoller o tamaño primeiro debedes ver con que tipo de moldes contades no centro e que tamaños teñen. Normalmente veñen definidos en mm. Nas bolsas onde veñen os moldes indica o

tamaño. Se non está indicado o tamaño, simplemente collede un deles e medide o diámetro do mesmo.



- Despois de escoller o tamaño, empezamos a darlle **forma ao bocexo**. Na parte inferior, temos cada un dos elementos que se poden modificar resaltados. En cor verde aparecen os elementos que ten o noso modelo neste momento e en gris os que non ten pero que se poden engadir. Permítenos poñer texto arriba, abaixo, no medio da chapa, texto circular, iconas ou imaxes que teñamos na galería.

Seleccionado: Foto

Se queremos eliminar texto ou ícono prememos na parte baixa. Se está gris está desactivado.


OPACIDAD

Texto1 Texto2 Texto3 Texto4 Texto Circular Arriba Texto Circular Abajo Ícono Foto

3. Modificar elementos. Unha vez seleccionado o elemento que queremos modificar, simplemente temos que premer enriba del. No panel da dereita vemos todas as opcións que nos permite o programa.



No caso das iconas temos unha galería que nos permite modificar a cor, o tamaño, rotar a imaxe, facela menos visible....



4. Para engadir unha imaxe á chapa, ao lado dereito de onde seleccionamos o tamaño, temos o botón de "cargar foto". Prememos e seguimos as indicacións.



5. Para asegurarnos que o deseño está axustado, e non vai quedar fóra da zona de impresión, en "Mostrar Papel a Imprimir" vainos amosar que parte da chapa queda visible.



6. Cando xa teñamos o deseño, prememos no lado dereito en "**GARDAR CHAPA**".




7. Ao gardar, xa nos vai dar as indicacións **para imprimir** as chapas, tanto se queremos unha soa como se queremos varias.



MÁQUINA DE CHAPAS

O primeiro que debemos fazer é coller:

- O molde que encaixa co tamaño da chapa, para colocar na máquina.
- As 3 partes da chapa: parte superior, inferior e acetato.
- O deseño da chapa impreso.



Colocaremos o molde na máquina de chapas. Na parte superior vai a parte que ten escrita TOP e na parte inferior a que ten escrita BASE. A parte superior vai imantada. Debemos encaixala de xeito que a letra A coincida coa marca da máquina, na base igual.

O triángulo da máquina coincide co A.



Separando a base, imos colocar dentro a chapa na posición que se indica, coa parte lisa encaixada no molde.

**Estas liñas
serven para
axustar a
colocación
do deseño.**



A máquina trae unha cortadora para chapas. Pode usarse para cortar. É moi precisa, pero non o indicamos aquí porque, ao ser varios no equipo, podedes distribuír o traballo: cortadores, seleccionadores de material, montadores e manipuladores de máquina. Se primeiro cortamos os nosos deseños na máquina, logo non nos quedará tempo para facer as chapas.

Unha vez cortado o deseño, colócase enriba da parte superior da chapa, despois colocamos a lámina de acetato. Ten en conta os indicadores de posición da máquina para axustar a imaxe de forma que quede centrada.

Comproba que o molde superior está colocado no A. Move a base lentamente para que non se move nin o papel, nin o acetato. A letra A da peza da base debe coincidir coa letra A da peza superior. Se non coincide, xira con coidado o molde inferior. Agora, agarra a panca e báixaa con decisión. Tes que facer presión con forza e agardar un par de segundos.



Solta a panca. Separa a base. Se o fixeches ben a chapa non estará visible. Queda adherida ao molde superior á espera da outra parte da chapa.



Despois de separar a base, coloca a parte inferior da chapa, coa parte do broche que abre e pecha, pegada ao molde. Usa as liñas do molde para que quede centrada.



Xira a base ata deixala debaixo do molde superior. Agora move a peza superior para que o triángulo quede apuntando ao B. Move a base ata colocada debaixo do molde superior. Xira a peza inferior para colocar o B debaixo do B superior.



Volve baixar a panca con decisión, presión e forza un par de segundos.
Xira a parte inferior e xa tes a túa chapa lista.

